

A Garda Civil desmantela a maior plantación de marihuana atopada no sur de Pontevedra

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 11 Setembro 2015 18:39



-Os axentes incautan 602 plantas de marihuana nunha leira de Salvaterra do Miño

- Hai un imputado por un delito contra a saúde pública

A Garda Civil desmantela no municipio de Salvaterra do Miño a maior plantación de marihuana localizada no sur da provincia de Pontevedra no último ano. A investigación dos corpos de seguridade permitiu dar cunha plantación cun total de 602 exemplares de diferente altura e peso nunha leira desta localidade.

A Garda Civil imputou a J.J.E.B.M, de 54 anos e veciño de Salvaterra do Miño por un presunto delito contra a saúde pública.

Este home é o actual inquilino da vivenda que está anexa á leira na que se localizou a plantación, onde reside en réxime de aluguer. O imputado conta con antecedentes policiais por tráfico de drogas.

A Garda Civil desmantela a maior plantación de marihuana atopada no sur de Pontevedra

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 11 Setembro 2015 18:39

As plantas estaban distribuídas nunha leira duns 1.500 metros cadrados, clasificadas por tamaño e variedade, repartidas en bancadas e situadas de maneira que as máis pequenas estaban preto do límite para facilitar así o seu ocultación. A maior parte da leira estaba cercada por maleza e un tipo de malla de ocultación, aínda que existía visibilidade nalgunhas zonas nas que a maleza era case inexistente.

As plantas incautadas e que alcanzan un peso de case 200 quilos serán cortadas e incineradas seguindo o protocolo habitual.

O imputado deberá presentarse ante o Xulgado de Instrución número dous de Ponteareas a onde remitiranse as dilixencias instruídas, cando para iso sexa requirido.